

INFORME SOBRE INCIDENTES DE ODIO POR RAZÓN DE
ORIENTACIÓN SEXUAL E IDENTIDADE DE XÉNERO ACONTECIDOS
NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA
2022

ÍNDICE

ÍNDICE	2
1.XUSTIFICACIÓN	3
2.METODOLOXÍA.....	4
3.INCIDENTES DE ODIOS POR ORIENTACIÓN SEXUAL E IDENTIDADE DE XÉNERO	5
3.1OFICINA NACIONAL DE LOITA CONTRA OS DELITOS DE ODIOS.....	5
Incidentes de odio en Galicia en 2022.....	6
Evolución dos incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero....	7
Comparativa dos incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero en España	7
Información sobre os feitos coñecidos e os feitos esclarecidos en Galicia.....	7
Perfil da autoría	8
Perfil da vítima	8
3.2INFORME VALEDORA DO POBO 2022	9
Introdución.....	9
Datos cuantitativos	10
Ámbito educativo.....	10
Ámbito da saúde	11
Ámbito da xustiza	12
3.3DENUNCIAS REMITIDAS AO OBSERVATORIO GALEGO CONTRA A DISCRIMINACIÓN SEXUAL E IDENTIDADE DE XÉNERO	14
4.CONCLUSIÓNS.....	15

1. XUSTIFICACIÓN

O 22 de outubro de 2018 publicouse no Diario Oficial de Galicia o Decreto 131/2018, do 10 de outubro, polo que se crea e se regula o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, coa finalidade de dar cumprimento ao previsto no artigo 7.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, o cal estipula que os poderes públicos de Galicia establecerán un diálogo fluído e colaborarán coas asociacións, organizacións e colectivos LGBTI que teñan un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero.

En virtude do Decreto 131/2018, do 10 de outubro, procedeuse á creación do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero como o órgano colexiado de asesoramento, colaboración institucional e participación social en materia de diversidade de orientación sexual e de xénero no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na xuntanza constituínte do Observatorio, que tivo lugar o 21 de xuño de 2019 acordouse dotar o Observatorio dun regulamento de funcionamento interno. Este texto foi posteriormente aprobado no pleno do observatorio que se realizou o 6 de xuño de 2021. No Capítulo IV deste regulamento, referido a Informes e propostas, recóllese o seguinte:

Artigo 15. Elaboración de informes

1. Correspóndelle ao Observatorio emitir un informe, con carácter anual e a presentar no primeiro trimestre do ano, a partir da recollida de datos acerca dos incidentes de odio por razón de orientación sexual e identidade de xénero acontecidos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e, de ser o caso, das intervencións realizadas polo Observatorio, de acordo cos fins establecidos no artigo 3 do Decreto 131/2018.

Este informe sobre os incidentes de odio en Galicia, ademais de dar resposta ao artigo 15 do regulamento do Observatorio, responde ás recomendacións e aos estándares internacionais que se derivan do dereito internacional dos dereitos humanos tanto no seu ámbito universal como, especialmente, no rexional europeo.

A compilación de datos sobre incidentes de odio recollidos neste informe, permite facer unha avaliación crítica da situación que vive o colectivo LGBTI, sensibilizar á sociedade contra a LGBTIfobia e xerar mellores instrumentos de intervención comunitaria e de actuación institucional.

2. METODOLOXÍA

Para a elaboración deste informe contouse coas seguintes fontes de información principais.

1. Oficina nacional de loita contra os delitos de odio. Dirección Xeral de Coordinación e Estudos. Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior.
2. Valedora do Pobo
3. Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero.

Con respecto á información recollida da Dirección Xeral de Coordinación e Estudos, os últimos datos recollidos son de 2022 e proveñen de dúas fontes principais:

1. O Informe sobre a evolución dos delitos de odio en España. 2022
2. O portal estatístico de criminalidade. 2022

A información obtida da Valedora do Pobo foi recollida do último informe correspondente ao ano 2022.

A información recollida do Observatorio contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, responde ás denuncias de incidentes de odio que se fixeron chegar ao Observatorio durante o ano 2022.

3. INCIDENTES DE ODIOS POR ORIENTACIÓN SEXUAL E IDENTIDADE DE XÉNERO

3.1 OFICINA NACIONAL DE LOITA CONTRA OS DELITOS DE ODIOS

A Organización para a Seguridade e Cooperación en Europa (OSCE) define os delitos de odio como "toda infracción penal, incluídas as cometidas contra as persoas ou a propiedade, onde o ben xurídico protexido, elíxese pola súa, real ou percibida, conexión, simpatía, filiación, apoio ou pertenza a un grupo. Un grupo baséase nunha característica común dos seus membros, como a súa raza, real ou percibida, a orixe nacional ou étnica, a linguaxe, a cor, a relixión, a idade, a discapacidade, a orientación sexual, ou outro factor similar".

Esta definición implica unha posterior adaptación á lexislación propia de cada Estado, polo que o marco dos delitos de odio e discriminación non corresponde propiamente a unhas categorías xurídicas concretas na nosa lexislación penal, senón que se refire a un conxunto de condutas que en ocasións poden tipificarse como novidosas, e noutras xa están tipificadas no Código Penal ou en normas administrativas.

No Informe sobre a evolución dos delitos de odio en España e no portal estatístico de criminalidade, recóllense de forma separada as "infraccións administrativas e outros tipos de incidentes de odio" dos supostos "delitos de odio", para atender ás recomendacións dos organismos internacionais. Ao longo deste informe empregase o termo "incidentes de odio" como termo paraugas dentro do cal se inclúen tanto delitos como infraccións con compoñente de odio.

Na codificación das estatísticas de criminalidade, existe a figura do ámbito ou contexto delituoso. Este campo inclúe as circunstancias e/ou condicións nas que se desenvolve un feito criminal. Partindo desta premisa, o ámbito que se computaría como "delito de odio por orientación sexual ou identidade de xénero" é calquera feito que sinala a existencia dun móbil de odio ou discriminación cara a vítima pola súa orientación sexual/identidade de xénero.

Por **feitos coñecidos** enténdese o conxunto de infraccións penais e administrativas, que foron coñecidas polas distintas Forzas e Corpos de Seguridade, ben por medio de denuncia interposta ou pola actuación policial realizada *motu proprio* (labor preventiva ou investigación).

Os **feitos esclarecidos** clasifícanse como tales cando no feito se dean algunhas das seguintes circunstancias:

- Detención do autor "in fraganti".
- Identificación plena do autor ou algún dos autores, sen necesidade de que estea detido, aínda que se atope en situación de liberdade provisional, fuxido ou falecido.


- Cando exista unha confesión verificada, probas sólidas ou cando haxa unha combinación de ámbolos dous elementos.
- Cando a investigación revele que, en realidade, non houbo infracción.

A continuación presentamos un extracto do informe emitido pola oficina nacional de loita contra os incidentes de odio referente ao ano 2022. Todos os incidentes de odio recollidos neste informe trátanse de delitos de odio por supoñer infraccións penais.


Incidentes de odio en Galicia en 2022

Os incidentes de odio máis numerosos rexistrados en Galicia en 2022 foron por racismo/xenofobia, con 39 infraccións penais, o que supuxo o 48% dos incidentes rexistrados, seguido dos incidentes por ideoloxía que supuxeron o 31% e, en terceiro lugar, os **incidentes por orientación sexual e identidade de xénero, con 11 infraccións penais, supuxeron un 13% do total de incidentes de odio rexistrados.**

Cadro 1. Número de incidentes de odio por colectivo. Galicia, 2021/2022



Fonte: Portal estatístico de criminalidade. Ministerio do Interior



Fonte: Portal estatístico de criminalidade. Ministerio do Interior

Evolución dos incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero

No Cadro 2 recóllese a evolución dos incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero rexistrados en Galicia dende 2015. O 2021 foi o ano no que máis casos se rexistraron de toda a serie analizada, un 360% máis que en 2020, cantidade que se reduciu nun 52,17% en 2022 con respecto a 2021.

Cadro 2. Evolución do número de incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero. Galicia. 2015-2022


Infrac- cións pe- nais	Ano								% Variación	
	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	21/20	22/21
	4	10	6	10	12	5	23	11	360,00%	- 52,17 %

Fonte: Portal estatístico de criminalidade. Ministerio do Interior

Comparativa dos incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero en España

Durante o ano 2022 rexistráronse un total de 464 incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero en España, 1 caso menos que en 2021. Tal e como se pode ver no Cadro 3, Cataluña e o País Vasco foron as Comunidades onde se rexistraron máis casos (38% do total rexistrado), seguido de Andalucía (15%), a Comunitat Valenciana (12%) e Madrid (11%).

Cadro 3. Incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero. España, 2022



Fonte: Portal estatístico de criminalidade. Ministerio do Interior

Información sobre os feitos coñecidos e os feitos esclarecidos en Galicia

Dos 11 feitos coñecidos en Galicia, 12 menos que no ano anterior, 3 producíronse na provincia da Coruña, 5 na provincia de Pontevedra, 2 na provincia de Ourense e 1 na provincia de Lugo.

Dos 11 feitos coñecidos, foron 10 os feitos esclarecidos segundo a tipoloxía de infraccións penais recollidas no cadro 4.

Cadro 4. Nº e tipoloxía das infraccións penais. Galicia, 2022

Acoso contra a liberdade das persoas	2
Ameazas	2
Coaccións	1
Inxurias	2
Lesións	2
Roubo con violencia ou intimidación	1

Fonte: Portal estatístico de criminalidade. Ministerio do Interior

En canto ao lugar onde se produciron os feitos coñecidos, cinco dos casos ocorreron en vivendas, tres en establecementos e dous na rúa.

Perfil da autoría

Tal e como se pode ver no cadro 5, das 5 persoas detidas/investigadas en 2022, 3 foron homes, dous da provincia da Coruña e un da provincia de Lugo, e dúas mulleres da provincia da Coruña.

En canto á idade, no caso dos homes, dous tiñan idades comprendidas entre 18 e 25 anos e outro entre 26 e 40. No caso das mulleres, unha tiña entre 41 e 50 anos e a outra entre 51 e 65 anos.

Cadro 5. Número, sexo e idade das persoas detidas/investigadas. Galicia, 2022

	Masculino	Feminino
A Coruña		
De 18 a 25 anos	1	0
De 26 a 40 anos	1	0
De 41 a 50 anos	0	1
De 51 a 65 anos	0	1
Lugo		
De 18 a 25 anos	1	0

Fonte: Portal estatístico de criminalidade. Ministerio do Interior

Perfil da vítima

Tal e como se pode ver no Cadro 6, entre as 11 vítimas identificadas en 2022, 9 foron homes, un deles menor de idade e 2 foron mulleres, coa seguinte distribución segundo idades.

Cadro 6. Número, sexo e idade das vítimas. Galicia, 2022

	Masculino	Feminino
A Coruña		
De 18 a 25 anos	2	0
De 26 a 40 anos	0	1
Lugo		
De 26 a 40 anos	1	0
Ourense		

De 18 a 25 anos	1	0
De 51 a 65 anos	1	0
Pontevedra		
Menores de idade	1	0
De 18 a 25 anos	1	0
De 26 a 40 anos	2	0
De 51 a 65 anos	0	1

Fonte: Portal estatístico de criminalidade. Ministerio do Interior

3.2 INFORME VALEDORA DO POBO 2022

Introdución

Galicia aprobou a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia cuxo obxectivo é garantir o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais e que incorpora medidas destinadas á prevención, corrección e eliminación de toda discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, nos sectores público e privado.

Esta norma, na súa Disposición Final Segunda faculta á Valedora do Pobo como autoridade independente para velar pola igualdade de trato e non discriminación por razón das causas previstas na mesma, tanto no sector público como no privado, mediante o exercicio, non só da supervisión das administracións, senón desenvolvendo funcións como prestar apoio ás persoas que puidesen sufrir discriminación para a tramitación das súas queixas ou reclamacións, constituírse en órgano de mediación ou conciliación, iniciar de oficio, ou a instancia de terceiros, investigacións sobre a existencia de posibles situacións de discriminación que revistan unha especial gravidade ou relevancia e colaborar co Defensor del Pueblo e as restantes institucións nacionais e internacionais.

A institución da Valedora do Pobo, no seu compromiso de levar adiante as tarefas encomendadas pola Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, dunha maneira proactiva, tramitou as queixas, apoiando a persoas e colectivos que loitan contra a discriminación e impulsando investigacións de oficio que poidan servir como ferramenta para evitala.

Esta entidade, ademais, emite un informe anual no que se recollen as denuncias recibidas, o traballo feito e as principais preocupacións da cidadanía. Este informe conta con seis capítulos, sendo o terceiro dos cales o referente a "queixas por área". Dentro deste capítulo, o informe conta cun apartado específico sobre "discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero". Así mesmo, este apartado está dividido en tres puntos: introdución, datos cuantitativos e "actividades de supervisión", un punto no que se recollen

os distintos casos tratados nesta área durante o ano 2021. A continuación preséntase unha versión resumida da información recollida no informe.

Datos cuantitativos

No ano 2022 dobrouse o número de queixas que se presentaron, e tal e como se pode ver no Cadro 7, foron oito as queixas presentadas no ano 2022, das cales sete foron admitidas a trámite, e unha foi remitida ao *Defensor del Pueblo* por facer referencia a áreas sobre as cales non hai competencias autonómicas.

Cadro 7. Número de queixas presentadas á Valedora do Pobo. Galicia, 2022

	reclamantes	asuntos
Iniciadas	8	8
Admitidas	7	7
Non admitidas	-	-
Remitidas ao Defensor del Pueblo	1	1

Fonte: Informe da Valedora do Pobo 2022

Tal e como se recolle no Informe, unha parte dos asuntos tramitados no ano 2022 referíanse a persoas trans, por situacións discriminatorias en distintos servizos públicos: educación, sanidade e xustiza.

Ámbito educativo

No informe do ano anterior, xa se expoñía a tramitación de queixas desenvolvidas a instancia de estudantes con problemas nos centros educativos. En 2022 suscitouse tamén unha queixa en relación a un menor estudante no IES de Oroso identificado cun xénero diferente ao do seu nacemento. A familia solicitou no centro a activación do protocolo para garantir a non discriminación e liberdade de identidade de xénero. O centro activou o dito protocolo pero, segundo figura na queixa, unha profesora non aceptou a situación, insistía en dirixirse ao alumno utilizando o feminino e facía comentarios na aula subliñando que as persoas trans cometían un erro.

Presentáronse varias queixas, por parte da familia do menor, por parte da entidade ARELAS e por parte dunha docente do mesmo centro. Solicitouse informe á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que comunicou que *"desde o centro se era consciente da situación e se estaba facendo un seguimento da mesma para evitar que se cause dano ao menor e aos seus dereitos"*. Relataba, a maiores, os pasos que se deran no instituto para protexer ao menor. En base ao dito informe concluíuse o asunto, advertindo de que podería reabrirse o expediente de comunicarse novos datos que así o fixeran preciso.

Relacionado tamén coa Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, tramitouse expediente pola queixa presentada por unha persoa

que amosaba o seu desacordo polo feito de que no calendario escolar aprobado por esa administración non se sinalaban datas que reivindicaran ou conmemoraran os dereitos das persoas do colectivo LGBTIQ+. Na queixa presentada indicábase, literalmente que “malia que tanto a lei galega LGTBI (art. 26.2), como as normas que regulan os currículos no ensino Primario e Secundario recollen a obriga de conmemorar os días relacionados cos dereitos do colectivo, estas datas son as únicas que, na Orde que regula o calendario, non teñen data fixada”. A este respecto, a consellería alegou no seu informe que o día 28 de xuño quedaba fóra do calendario escolar porque as actividades lectivas para primaria, ESO, bacharelato e formación profesional remataban o día 21 de xuño pero que “tanto os decretos que establecen os novos currículos para educación infantil, educación primaria, ESO e bacharelato como a orde de calendario escolar anual, recollen no seu articulado os elementos transversais que demanda o artigo 26.2 da Lei 2/2014”.

Segundo se cita no informe, a Valedora do Pobo suxeriu á consellería “avaliar a incorporación no calendario escolar unha indicación máis concreta dirixida aos centros educativos para conmemorar a reivindicación das persoas LGBTIQ+ que facilite aos mesmos o cumprimento do disposto no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril. Mesmo se indicaron datas que poderían ser alternativas, como o 31 de marzo, incorporada dende 2009 como Día da Visibilidade Trans ou o 17 de maio declarada pola ONU dende 2004 Día contra a homofobia, transfobia e bifobia. Porén, a consellería consideraba, segundo se sinala na súa resposta, que estaba suficientemente indicado na Orde vixente, polo que se deu por rexeitada”.

Ámbito da saúde

No informe da Valedora do Pobo tamén se fai referencia a dous expedientes relacionados cos servizos de saúde. Nos dous casos poñíanse de manifesto cuestións importantes para a preservación da intimidade das persoas e a eliminación da transfobia no exercicio profesional.

En relación a isto último, segundo se indica no informe, “presentouse unha queixa por unha persoa que acudira a unha consulta de psiquiatría e afirmaba que o profesional que a atendera fixera comentarios transfobos en referencia á situación do irmán da paciente; ela presentara queixa diante do Colexio Oficial de Médicos de Ourense”. Dadas as competencias da institución da Valedora do Pobo, admitiuse a trámite a queixa e iniciouse unha investigación informal requirindo informe a dito colexio profesional.

O Colexio Oficial de Médicos de Ourense informou que “tiña iniciado un expediente, solicitando ao facultativo un informe arredor dos feitos que estaban na orixe da queixa. Con posterioridade informouse de que o afectado negara os feitos e que se pechara o expediente”. Non obstante, dende a institución da Valedora do Pobo fíxose chegar unha valoración na que se indicaba que, vista a memoria de actividades do organismo en cuestión, apreciábase a realización de numerosas e variadas accións formativas dirixidas a profesionais colexiados, e dado que non se contemplaba ningunha acción formativa relacionada coa diversidade, dereitos e non discriminación por causa da orientación sexual e

identidade de xénero no catálogo formativo para os e as profesionais da saúde colexiados nese organismo, sometíase á valoración do Colexio incluír a dita formación.

A Consellería de Sanidade foi a destinataria da outra queixa relacionada co ámbito sanitario. Nesta ocasión, unha persoa atendida no servizo de urxencias dun centro hospitalario galego expoñía o seu desacordo polo contido do informe que se lle achegara coa alta, no que figuraba literalmente *“Enfermidade actual: persoa de xénero non binario (...)”*. Solicitado informe á consellería, esta indicaba que de xeito cotiá *“el género es un dato que suele incluirse en la descripción del motivo de consulta ya que las patologías no tienen la misma expresividad según el mismo y pueden condicionar la presentación y curso evolutivo de la mismas, de manera que es un dato que ayuda a la interpretación clínica”*. Na resposta da Consellería tamén se indicaba que *“(...) ha presentado en el servicio de atención al paciente del XXX una solicitud de cancelación de este dato en su informe clínico, se ha cursado a la Unidad de Documentación Clínica para que valore si procede dicha cancelación, atendiendo a lo dispuesto en la Normativa de Protección de Datos y Derechos digitales, así como en la Ley 2/2014, de 14 de abril, por la igualdad de trato y no discriminación de lesbianas, gays, transexuales, bisexuales e intersexuales en Galicia”*.

Dado que na análise da queixa se indicaba que no informe de alta ese dato aparece reflectido dobremente, tanto no apartado de “filiación” como no de “enfermidade actual” sen que pareza precisa a reiteración, dende a institución da Valedora do Pobo suxeriuse á consellería consultar á persoa atendida, sempre que sexa posible, a inclusión ou non, nos informes clínicos, dos datos referentes ao xénero/sexo biolóxico.

A consellería, na súa resposta, indicaba que “estaba pendente da resposta da Unidade de Documentación Clínica, competente á hora de tomar a decisión de eliminar ese dato”.

A resolución permanecía pendente no momento en que se elaborou o informe da Valedora do Pobo.

Ámbito da xustiza

Neste ámbito, no 2022 incidiuse nun tema que xa se incluíra no informe do ano anterior, relacionado coas dificultades que se presentan a miúdo para as persoas trans diante do Rexistro Civil nos procedementos de cambio de nome e sexo rexistral, especialmente cando se trata de menores de idade.

No texto da queixa que chega á Valedora do Pobo indícase literalmente. *“(...) Atopamos casos de negativa a dar cita para presentación de documentación, negativa (...) a recoller documentación, (...) comparecencias con menores de idade de máis dunha hora de duración e con preguntas estereotipadas e denigrantes (...) e peticións de informes e documentación que nin está recollida na norma nin responde a ningunha finalidade en absoluto (...)”*.

Como se explica no Informe, queda á marxe das competencias da Valedora do Pobo todo o relativo ás actuacións da Administración de Xustiza nos asuntos sometidos á súa xurisdición, que son resoltos polos tribunais e xulgados con independencia e exclusividade. Non obstante, tendo en conta que no escrito de queixa indicábanse “os retrasos xurdidos especialmente no Rexistro Civil da Coruña”, solicitouse colaboración do TSXG, quen respondeu que “non se producían retrasos específicos en relación cos expedientes máis alá do tempo preciso para desenvolveselos conforme ás garantías e que, dado que se falaba de retrasos xenéricos, non se podía valorar un expediente en concreto”. Subliñábase tamén que a instrución da *Dirección General de los Registros y Notariado*, de 23 de outubro de 2018 ven a realizar unha interpretación da norma vixente para adaptala aos avances na ciencia na que xa non se asocia a transexualidade con ningunha patoloxía nin trastorno da conduta, senón coa incongruencia entre o xénero experimentado pola persoa e aquel que se lle ten asignado. Finalmente, o informe procedía ao arquivo ao non terse sinalado ningún expediente en concreto.

En relación a este asunto, recóllese no informe da Valedora do Pobo, “que xa no ano 2020 esta institución comezou unha investigación de oficio a resulta das queixas presentadas por varias persoas; a dita investigación fora remitida ao *Defensor del Pueblo*, que se dirixiu ao *Ministerio de Justicia* elevando unha recomendación con data 29 de marzo de 2022”.

Segundo se recolle literalmente no informe, nesa recomendación “lémbrese a instrución remitida dende a *Dirección General de Seguridad Jurídica y Fe pública* para que os expedientes en relación ao cambio rexistral de menores foran tramitados con carácter prioritario pero que puidera ser que a dita instrución non chegase ao persoal dos rexistros”.

O *Defensor del Pueblo* dirixiuse de novo ao *Ministerio de Justicia* para recomendarlle que lles lembrara a “(..) *los letrados de la Administración de Justicia que dan servicios en los registros civiles faciliten los procesos de solicitud de cambio de nombre de los menores de edad transexuales, y tramiten de forma prioritaria su solicitud de asignación de un nombre correspondiente con su verdadera identidad, procurando que estos cambios puedan realizarse con la mayor inmediatez posible para evitar los daños que el transcurso del tiempo podría en otro caso producirles*”.

O informe da Valedora do Pobo indica que cómpre lembrar que neste momento os Rexistros Cívís atópanse en pleno proceso de modificación estrutural en virtude do regulado na Lei 6/2021, do 28 de abril. A maiores, a partires da aprobación da Lei 4/2023, do 28 de febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e para a garantía dos dereitos das persoas LGBTI introdúcense varios cambios que afectan ao nome e o sexo rexistral. Así, para cambiar de sexo no rexistro a partir dos 16 anos non será obrigatorio presentar informes médicos ou psicolóxicos que acrediten disforia de xénero, nin tampouco estar nun proceso de hormonación ou someterse a operacións para modificar a aparencia. As persoas menores de entre 16 e 14 anos poderán cambiar o seu sexo no rexistro sempre que acudan acompañados dos seus pais/nais ou titores legais, mentres

que entre os 12 e 14 anos necesitarán autorización xudicial. Antes dos doce anos só se poderá cambiar o nome rexistral.

En todo caso, indícase no informe, non está de máis lembrar o exposto, literalmente, polo Tribunal Supremo, cando afirmaba que *"A identidade sexual da persoa é un dos factores máis vitais e decisivos da personalidade. O feito de figurar no Rexistro e nos documentos de identidade cun sexo distinto ao psicolóxico e que o seu nome non se corresponda co sexo que indica a súa aparencia externa, produce nas persoas transexuais a vulneración da súa dignidade e unha coerción ao libre desenvolvemento da personalidade.... (..)"*.

3.3 DENUNCIAS REMITIDAS AO OBSERVATORIO GALEGO CONTRA A DISCRIMINACIÓN SEXUAL E IDENTIDADE DE XÉNERO

No ano 2022 o Observatorio non recibiu ningunha denuncia de incidentes de odio por orientación sexual e/ou identidade de xénero.

Cabe sinalar que a función do Observatorio como órgano de denuncia aínda non é moi coñecida pola poboación galega e o número de denuncias anual non é representativo como para garantir que unha baixada no número de denuncias recibidas se corresponda cun descenso nos casos de LGBTIfobia acontecidos na comunidade autónoma.

Dar a coñecer este organismo e as súas funcións, así como un traballo estreito de man das asociacións LGBTI na resolución dos casos denunciados pode ser un factor fundamental de cara a cumprir cos obxectivos do mesmo da maneira máis efectiva.

4. CONCLUSIONES

O ano 2022 supuxo unha diminución das denuncias por incidentes de odio cara o colectivo LGBTI a nivel autonómico, mais mantívose relativamente estable no plano estatal. Á hora de analizar estes datos estatísticos é importante ter en conta o papel que pode xogar nestes datos o fenómeno da infradenuncia. Informes sobre a situación do colectivo LGBTI a nivel europeo como o emitido pola Unión Europea no ano 2020 indican que menos dun 10% das vítimas de agresións LGBTIfóbicas chegan a denunciar e dentro dese 10% de casos denunciados hai unha fracción importante na cal os organismos que recollen a denuncia non a rexistran ou non o fan indicando que o caso tivo unha motivación LGBTIfóbica.

Ás agresións recollidas neste informe reflicten un ano máis a situación de discriminación que sofren as persoas trans no seu trato con distintos servizos públicos galegos como o educativo, o sanitario ou o de xustiza, o que imposibilita a plena inclusión do colectivo.

Se ben contamos cunha imaxe de inclusividade na Comunidade Autónoma, a terceira do estado en contar con lexislación propia en materia LGBTI, **a violencia contra esta sección da poboación segue a estar presente e precisa ser confrontada.**